



REUNIÓN GANAN COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 4/2020

CARÁCTER: Ordinario

ANUNCIO

Con data 25 de maio do 2020 o Sr. Alcalde Presidente ditou resolución do seguinte teor literal:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

Considerando que, se ben nos atopamos nun escenario de estado de alarma dende o pasado sábado día 14 de marzo, de conformidade co Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, se considera necesaria a celebración do pleno ordinario do mes de maio, dado o escenario de descoñecemento da duración de dito estado de Alarma e dada a necesidade de tratar os asuntos que se inclúen na orde do día, ao abeiro do disposto na DA 3ª do RD 463/2020 e de acordo coa motivación recollida nas respectivas propostas e, en especial, considerándose necesario para a protección do interese xeral os procedementos de gasto que se inclúen ou a tramitación do expediente de actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras de aparcadoiro soterrado, co obxecto de paliar a problemática de estacionamento e dotar de maior mobilidade e desconxestión ás zonas urbanas.

Considerando que a celebración do pleno debe realizarse de forma axustada aos requisitos necesarios para evitar calquera tipo de risco de contaxio da enfermidade, polo que, con carácter excepcional, a presente sesión plenaria se deberá celebrar a porta pechada para o público, sen prexuízo de que a súa publicidade e debida transparencia quedará garantida coa retransmisión da sesión en directo a través da radio municipal e páxina web do concello, permitindo o acceso de medios de comunicación, e a súa posterior comunicación pública a través do Portal de Transparencia.

Se fai notar que se realizará unha nova distribución dos concelleiros permitindo a debida separación entre eles, que se porá a disposición dos mesmos para o seu uso de mascarillas e guantes, e que os concelleiros deberán ter en conta as recomendacións sanitarias a seguir establecidas na guía de “Buenas prácticas en los centros de trabajo por el COVID-19 (actualización 11/04/2020)” e protocolo de Medidas Preventivas Coronavirus Covid-19 remitido polo servizo de vixilancia da saúde deste concello.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 3UJQ3CZWA2A.IWDZEC5HCL3624 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Polo exposto, esta Alcaldía, ao abeiro da DA 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, e de acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización é Réxime xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

PRIMEIRO.-Convocar Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar a porta pechada para o público o vindeiro xoves día 28 de maio ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior extraordinaria nº 3/2020, do 16 de abril.

2º.- Expediente 796/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 21/05/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 15/05/2020, relativa a excepción da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos os procedementos de gasto e aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 3/2020 (modificación de créditos 15/2020), financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.- Expediente 799/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 21/05/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 15/05/2020, de excepción da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos os procedementos de gasto e aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 1/2020 (modificación de créditos 16/2020), financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

4º.- Expediente 811/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 21/05/2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 19/05/2020, relativa a excepción da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos os procedementos de gasto e aprobación de expediente de crédito extraordinario número 4/2020 (modificación de créditos 17/2020), financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

5º.- Expediente 2987/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 21 de maio de 2020, de proposta da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns, de data 10/03/2020, relativa a aprobación de bonificación de ICIO correspondente a obras que realizan os afectados de Paramos.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 3JAJ3CZWA2A.WJZDECSHCL3624 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



6º.- Expediente 810/2020. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, do 21/05/2020, de proposta de Alcaldía, de data 18/05/2020, relativa a aprobar inicialmente a derogación da ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos e exposición pública.

7º.- Expediente 2705/2019. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais, do 21/05/2020, de proposta de Alcaldía, de data 12/05/2020, relativa a “Actuacións preparatorias de contrato de concesión de obras de aparcadoiro soterrado entre as rúas Ourense e Compostela”.

8º.- Expediente 312/2020. Proposta da Alcaldía, de data 25/05/2020, de solicitude de adhesión á rede “LOS PUEBLOS MÁS BONITOS DE ESPAÑA”.

9º.- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais, do 21/05/2020, relativo a proposta de Alcaldía, de data 18/05/2020, de celebrar sesións e adoptar acordos a distancia, por medios electrónicos e telemáticos a través do sistema de videoconferencias mediante a ferramenta Gestiona.

10º.- Mocións de Urgencia.

B) Actividade de control:

11º.- Dación de conta das subvención se disposicións de interese dos meses de febreiro, marzo e abril do 2020.

12º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía do nº 63, do 27/01/2020 ao nº 552, do 22/05/2020.

13º.- Dación de conta execución trimestral 1º trimestre orzamento 2019 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

14º.- Dación de conta execución trimestral 2º trimestre orzamento 2019 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

15º.- Dación de conta execución trimestral 3º trimestre orzamento 2019 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 3JAJ3CZWA2AJWZEC5HC13624 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



16º.- Dación de conta execución trimestral 4º trimestre orzamento 2019 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

17º.- Dación de conta Resolución Alcaldía do 03/04/2019, relativa á aprobación do Plan Orzamentario 2020-2022, a teor do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

18º.- Dación de conta resolución da concelleira de Facenda, Urbanismo, Parques e Xardíns, de data 30/10/2019, relativa á información referida ao custo efectivo dos servizos no Concello de Tui para o exercicio 2018, de conformidade coa Lei 7/1985 e Lei 27/2013.

19º.- Dación de conta de resolución da concelleira-delegada de Urbanismo, Facenda e Parques e Xardíns do 12/02/2020, de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Tui para o ano 2019 e aos efectos do disposto no artigo 191.3 do TRLRFL e art. 89 do RD 500/1990, de 20 de abril.

20º.- Dación de conta informe morosidade 1º Trimestre exercicio 2019 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 1º trimestre exercicio 2019 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

21º.- Dación de conta informe morosidade 2º Trimestre exercicio 2019 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 2º trimestre exercicio 2019 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

22º.- Dación de conta informe morosidade 3º Trimestre exercicio 2019 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 3º trimestre exercicio 2019 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

23º.- Dación de conta informe morosidade 4º Trimestre exercicio 2019 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 4º trimestre exercicio 2019 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

C) Rogos e preguntas:

24º.- Rogos e preguntas.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 3JAJ3CZWA2AJWZEC5HCL3624 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, e facendo remisión ás medidas e recomendacións sanitarias sinaladas na parte expositiva.

TERCEIRO.-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.”

O que se comunica para coñecemento e efectos

O alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 3JAJ3CZWA2AJWZECSHCL3624 | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5